

O MONTE DAS FERRADURAS (FENTÁNS, COTOBADE): NOVOS ACHÁDEGOS DE ARTE RUPESTRE. DESCRIPCIÓN E INTERPRETACIÓN.¹

THE MOUNT DAS FERRADURAS (FENTÁNS, COTOBADE): NEW FINDS OF THE ROCK ART.

FERNANDO QUINTAS GONZÁLEZ ²
TERESA ESPEJO GUARDIOLA

Resumen

Nestas liñas, preséntase a descrición e interpretación dun novo petróglifo atopado en O Monte das Ferraduras, (Fentáns, Cotobade). Este achádego foi froito dunha prospección intensiva na zona, o máis chamativo deste panel é unha posible representación dunha “rosa camuna”, deseño éste descoñecido no noroeste da Península Ibérica.

Cremos, polo tanto, que ante a singularidade do achádego, deberíamos dar a coñecer cales son as características desta rocha, así como presentar os paralelismos atopados con Europa Occidental que, nos axudarán a comprender os contextos cronolóxicos nos que se ubica dita rocha.

Abstract

In these lines we present the description and interpretation of a new rock engraving found in O Monte das Ferraduras (Fentáns, Galiza). This finding, was the result of an intensive exploration in the area, the most outstanding of this panel is one possible representation of a “rossa camuna” design unknown in the northwest of the Iberian Peninsula.

We think therefore, this is singular finding deserve an analysis about parallels found in Western Europe, it will help us to understand the chronological contexts of this panel.

¹ Este artigo foi entregado á revista o 10 de marzo de 2008.

² Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente y Paisaje (LPPP). Unidade asociada ao CSIC a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS-CSIC-Xunta de Galicia).

Representar es simplificar...

M.S.E.

1. INTRODUCCIÓN.³

O obxectivo destas liñas é presentar unha breve descrición dun novo petróglifo atopado no lugar de Fentáns (Cotobade), e apuntar algunhas novidades que este novo achádego implica. Éste sitúase na coñecida zona na que se atopa a Laxe das Ferraduras, e documentouse grazas a unha prospección realizada no ano 2006, enmarcada no proxecto Evaluación e Diagnóstico do Patrimonio Cultural dos Concellos de Campo Lameiro, Cotobade, Moraña, Cuntis, Ponte Caldelas, Cerdedo, Pontvedra, Soutomaior e Barro⁴, encargado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Por outra banda, consideramos oportuno achegar as primeiras impresións que este petróglifo nos proporciona, xa que, como veremos, trátase dunha rocha cuns motivos non moi frecuentes na arte rupestre galega. Así mesmo, trataremos de buscar paralelismos con deseños semellantes presentes noutros contextos.

2. LOCALIZACIÓN.

O petróglifo localízase no concello de Cotobade, concretamente no lugar de Fentáns, parroquia de San Xurxo de Sacos, e moi preto dos límites co concello de Campo Lameiro. Acedemos ao petróglifo tomando a PO-230 dende Campo Lameiro en dirección a Parada e, tras percorrer uns 6 km., ao pasar o lugar de Fentáns, atopamos un desvío cunha pista sen asfaltar á man esquerda. Tomamos a pista e avanzamos uns 60 m. aproximadamente. O petróglifo sitúase a 10 m. á esquerda da pista sen asfaltar, nun rechán próximo á ruptura de pendente que cae cara ao val do río Lérez. Na figura 1 presentamos unha foto aérea coa localización exacta desta rocha⁵.

³ Este artigo realízase dentro do marco de traballo do Proxecto de Investigación de I+D “Arqueoloxía e Relixión no Noroeste da Península Ibérica” dirixido por Marco V. García Quintela, profesor titular da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

⁴ Proxecto realizado polo Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paisaxe da Universidade de Santiago de Compostela (unidade asociada ao CSIC a través do IEGPS), dirixido por Manuel Santos Estévez e Yolanda Seoane Veiga.

⁵ Ficha elaborada polo LAR (IEGPS; CSIC-Xunta de Galicia), unidade asociada á Universidade de Santiago de Compostela a través do LPPP (USC).

O petróglifo atópase nunha zona cunha gran densidade de arte rupestre, xa que, O Monte das Ferraduras⁶ onde se atopa esta pedra, é unha das máis coñecidas de Galiza.



Figura 1: Localización do petróglifo de O monte das Ferraduras (foto aérea).

Ademáis, tamén contamos cun dos complexos rupestres máis completos de Galiza, A Pedra das Ferraduras. A poucos metros, tamén atopamos os petróglifos de Coto do Rapadoiro, Chan do Rapadoiro, Laxe dos Cebros, Chan de Balboa e Outeiro Morcego. O feito de ser un dos lugares de arte rupestre máis visitados polos especialistas, non foi un impedimento para atopar novas entidades xa que, antes dos incendios, a zona de Fentáns atopábase cuberta por unha espesa capa de vexetación, tanto por monte baixo como por unha excesiva repoboación de eucalipto, que non permitía o acceso a moitos dos lugares colindantes dos petróglifos xa coñecidos. Unha vez que ardeu o monte, o acceso fixose posible e, cunha pequena prospec-

⁶ Utilizamos o topónimo Monte das Ferraduras para denominar a zona na que se ubica este petróglifo e o coñecido como Laxe das Ferraduras. Dito topónimo foi rexistrado recentemente tras unha prospección para a recollida da microtoponimia do Concello de Campo Lameiro e Cotobade, realizada por un de nós durante a primavera-verán de 2006, coa finalidade de documentar o patrimonio oral de ditos Concellos (Quintas, 2007).

ción, que apenas levou unhas horas, apareceron 6 rochas gravadas nas inmediacións de Laxe das Ferraduras e da Laxe dos Cebros.⁷

Ademáis, nesta zona existe unha gran cantidade de rochas con todo tipo de gravados distribuídos pola zona que rodea á braña de Fentáns, a cal, articula toda a distribución espacial das rochas atopadas en dito lugar (Santos, 2008).

3. DESCRICIÓN DO PETRÓGLIFO.

Trátase de dúas rochas graníticas de grao fino a ras de chan, cunhas dimensións de 2 m. no eixo N-S e 1,5 m. no eixo E-W a maior; e 0,50 m. por 0,50 m. a máis pequena. Presenta diversos gravados; na parte N, observamos dúas combinacións, cada unha delas de catro círculos que se atopan unidos entre sí. Esta combinación é un tanto extraña, xa que os círculos teñen unha disposición en forma de trébol que non é nada habitual na arte rupestre galega (figuras 2, 3 e 4).

Estas dúas combinacións atópanse na parte exterior do panel e, no medio destas figuras, pódese observar un cuadrúpede e unha posible escena de monta que se ubica xusto a uns centímetros da parte posterior de dito cuadrúpede; na figura 3 e 4 pódese observar a representación, na parte inferior dereita da foto.

Por outra banda, tamén podemos apreciar na mesma rocha unha combinación circular con cazoleta central e apéndice de saída. Xunto a este motivo, un círculo simple e unha espiral dobre, moi típica da decoración castrexa. Na figura 2 e 4, pódese observar, con bastante claridade, a relación no panel entre os cuadrúpedes e as combinacións circulares anteriormente descritas.

Así mesmo, cabe dicir, que os sucros da rocha se visualizan con claridade, polo que podemos evidenciar as boas condicións de conservación da mesma. A rocha, non presenta ningún síntoma de afección polos incendios do ano 2006, probablemente debido ao grosa manto de vexetación (sobre todo musgo e raíces de eucalipto) que cubría a rocha no momento do incendio. Neste caso, o abandono e descoñecimento da rocha foi a causa de que este petroglifo non se vise afectado directamente pola acción dos lumes do ano 2006.

Por outra parte, este traballo centrarase na análise da figura formada por catro círculos, que se representa na rocha. Cremos que se trata dunha figura moi intere-

⁷ Na última intervención proxectada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a declaración de Ben de Interese Cultural dos petróglifos da Provincia de Pontevedra, na zona de Fentáns, novamente atopáronse catro rochas nos montes que rodean á braña de Fentáns. Neste caso, baixo a dirección de Manuel Santos e coa colaboración dos técnicos: Cristina Mato, Joana Valdez e Fernando Quintas, atopáronse cuadrúpedes, pegadas de unglado, e motivos xeométricos (coviñas e círculos simples).

sante xa que, pode axudar a comprender o contexto no que se atopan ditas figuras, debido aos paralelismos semellantes que se amosan en diferentes partes de Europa.

4. PARALELISMOS.

Nos motivos representados na Arte Rupestre Atlántica, temos a presenza dunha serie de figuras, que se repiten ao longo da metade occidental do NW peninsular, dende a desembocadura do río Ave en Portugal, ata o Norte de Galiza, e que se adentran no interior ata máis ou menos a dorsal meridiana que divide Galiza en sentido N-S; a partir deste sistema montañoso, se nos adentramos ao interior, a presenza da arte rupestre diminúe significativamente. Os motivos representados, xa ben coñecidos e ben estudados ao longo do século XX e XXI, son variados, e van dende representacións xeométricas ata as figurativas. Existe certo acordo unánime sobre a dispersión da Arte Rupestre Atlántica, pero a discusión comeza no ámbito da investigación galega, en torno á cronoloxía dos gravados deste estilo.




Figura 2: Calco do petróglifo de O Monte das Ferraduras Fonte: Laboratorio de Arqueoloxía da Paisaxe (LAR-IEGPS, CSIC-Xunta de Galicia).⁸

⁸ Os tons máis escuros correspóndense coa maior profundidade dos sucos, mentres que as máis claras representan os sucos menos profundos e de maior dificultade de lectura.

Tratando de evitar pechar a discusión por establecer unha cronoloxía para esta rocha, cremos que, atendendo á presenza doutras figuras similares en diferentes contextos e ámbitos xeográficos, podemos comparar cales son os patróns de asociación de dito motivo con outros, de maneira que nos axude a coñecer cal é a relación entre a figura e o seu contexto no panel. Desta maneira, esta figura é formalmente idéntica á unha das variantes da figura coñecida como “rosa camuna” italiana, moi frecuente na arte rupestre de Valcamónica, lugar polo que comezaremos a presentar os paralelismos atopados en relación a esta figura.

Neste apartado, presentaremos cales son os paralelismos máis claros atopados noutras zonas nas que existe a presenza de arte rupestre, coa finalidade de contextualizar o petróglifo atopado en Fentáns. Os paralelismos axudarannos, mediante a analoxía, a establecer unha contextualización do petróglifo co seu contorno, buscando contextos recurrentes aos que poidamos vincular dito motivo. Calquer aproximación deste tipo é de carácter hipotético, e soamente se pretende dar una visión do que este petróglifo podería estar a representar.

Neste senso, centrarémonos en tres zonas nas que se deu a presenza de motivos semellantes aos atopados en O Monte das Ferraduras. A primeira nos Alpes italianos, concretamente en Valcamonica, un dos centros de arte rupestre máis importantes de Europa; por outra parte, centrarémonos en tres lugares de Portugal: nun petróglifo, a Laje das Sinais, nunha pedra cun gravado moi peculiar no Castro de Guifoes, e en dúas pedras formosas, cunha decoración moi interesante, nos castros



Figura 3: Vista de detalle de “rosa camuna” no petróglifo de Monte das Ferraduras.

de Briteiros e de Alto das Eiras; por último, centrarémonos en Galiza, onde veremos como paralelismo o petróglifo de As Chans de Tebra no concello de Tomiño, debido á súa semellanza á de O Monte das Ferraduras na composición dos paneis.



Figura 4: Vista xeral do petróglifo de O Monte das Ferraduras.

4.1. Valcamonica (Italia).

O motivo de que comecemos a parte dos paralelismos en Valcamonica, ven propiciado por unha simple cuestión: a identificación do motivo co nome de “Rosa Camuna”, a partir do cal, describiremos cales son as relacións con outros motivos nos paneis nos que se presenta dita figura. No caso italiano, veremos tres exemplos nos que a “rosa camuna” aparece asociada a tres motivos diferentes.

4.1.1. Foppe di Nadro.

No primeiro caso, (figura 5), a “rosa camuna” representada nesta rocha, concretamente a rocha 24 do complexo rupestre de Foppe di Nadro, ten unha gran similitude coas que se aprecian nas figuras 3 e 4. O petróglifo, aparece asociado a dous

antropomorfos e un cuadrúpede (figura 5), que, á súa vez, están datados polos especialistas italianos na Idade do Ferro Media, debido á tipoloxía das armas que se representan nos paneis (Arcà y Fossati, 1995). No caso da figura 5, non existe unha identificación tipolóxica clara das armas que se representan, nembargantes, se nos centramos no antropomorfo ubicado na parte baixa da representación, observamos como se superpón a outro, realizado con outra técnica de gravado diferente, o cal porta un escudo de forma rectangular. Estes escudos son representativos da Idade do Ferro, e a superposición do outro antropomorfo dinos que se trata dun deseño posterior ou contemporáneo, nunca anterior. Neste contexto, xunto coa presenza dun cuadrúpede (figura 5), é no que se encadra a “rosa camuna”, asociada neste caso a motivos da Idade do Ferro.

4.1.2. “Mappa” de Bedolina.

No caso da figura 6, a presenza da “rosa camuna”, asóciase a un motivo xeométrico, que poderíamos describir como unha agrupación de coviñas inscritas nun cadrado. Se ben, no petróglifo atopado en Fentáns non temos unha composición xeométrica semellante a esta, so temos algunha coviña exenta, si temos unha pequena combinación de dous círculos concéntricos con apéndice de saída, asociados ao que denominaremos a partir de agora, “rosa camuna”, polo evidente parecido que presenta coa italiana. No caso da figura 6, os investigadores italianos interpretan este tipo de composicións xeométricas como representacións topográficas; de feito, son coñecidos como “mappas” ou “representazione topografiche”. No caso concreto de Bedolina, semella ser da Idade do Ferro (Arcà e Fossati, 1995: 141), xa que, novamente, as diferentes superposicións entre figuras apuntan á contextualización destas figuras xeométricas na neste periodo.

4.1.3. Cappo di Ponte.

Unha vez descritas as características básicas que se atopan no panel xunto a estas figuras, cremos que sería interesante presentar outro deseño de “rosa camuna”, tamén ubicado en Valcamonica (figura 7). Esta representación, a cal nos recorda sen dúbida algunha á esvástica representada en moitísimos lugares do continente euroasiático, non cambia na súa estrutura en relación ás figuras que acabamos de amosar, xa que se trata do mesmo motivo representado dunha forma diferente. Na figura 7, a mesma representación, aparece asociada a un antropomorfo, que porta un arco e que se atopa en actitude de disparar a súa arma cara a “rosa camuna”. Novamente, temos relación con elementos da Idade do Ferro, xa que, este petróglifo se atopa datado nos últimos momentos deste periodo, precisamente, polo estilo da representación e postura do antropomorfo, que representa unha actitude dinámica, coa intención de que semelle estar en movemento. Este feito, é propio da Idade do Ferro en Valcamonica.




Figura 5: Rosa camuna asociada a antropomorfos, armas, e cuadrúpedes datados na Idade do Ferro (Foppe di Nadro, *Valcamonica*). Fonte: Arcá y Fossati, 1995. En cor Branco obsérvanse as representacións de guerreiros, mentres que, en gris, temos a representación dun cuadrúpede.



Figura 6: Rosa camuna asociada a motivo xeométrico da Idade do Ferro en *Valcamonica*.
Fonte: Arcá y Fossati, 1995.




Figura 7: Rosa Camuna asociada a motivo da Idade do Ferro en Capo di Ponte (*Valcamonica*).
Fonte: Brunod et al, 1983.

4.2. Portugal.

4.2.1. Alto das Eiras e Citania de Briteiros.

No caso portugués, esta representación témola documentada en tres casos moi concretos, so que, nesta ocasión, non se tratará soamente de petróglifos. Unha das representacións máis claras, sitúase nuha pedra Formosa atopada no Castro do Alto das Eiras (figura 8). Esta representación quizáis sexa a que máis se asemella á figu-



Figura 8: Pedra Formosa con decoración de “rosa camuna” na súa base. Alto das Eiras, Portugal.



Figura 9: Pedra Formosa da Citanía de Briteiros con posible representación de “rosa camuna” na súa base.

ra que temos en Fentáns, e, no caso portugués, como no italiano, podemos afirmar con total seguridade, que se trata dun motivo decorativo da Idade do Ferro, xa que se atopa representado nunha construción típica deste período. Ademais, na Citania de Briteiros, atopamos novamente na base da pedra Formosa outro motivo similar á “rosa camuna” (figura 9). Como no caso do Castro do Alto das Eiras, a figura represéntase na base da pedra, e se observamos con atención as figuras 8 e 9, podemos apreciar como posúen a mesma estrutura decorativa, xa que, os sogueados se ubican tamén en espazos da rocha análogos.

4.2.2. Monte da Saia.

No Monte da Saia, temos a presenza dun motivo, moi semellante ao da figura 11. Neste caso, non cremos que este petróglifo, poida aportar datos significativos á contextualización da “rosa camuna”, xa que non podemos establecer pautas cronoculturais, a partir do panel de dito gravado. De todas maneiras, pensamos que é interesante amosar este paralelismo, xa que, axudarános a comprender, o presentado no castro de Guifões (figura 11).

Máis adiante, tentaremos amosar unha contextualización desta rocha, tendo en conta tódolas variantes que se poden apreciar no petróglifo.




Figura 10. Calco da Laje dos Sinais no Monte da Saia, (manipulado con Adobe Photoshop 7.0).

4.2.3. Castro de Guifões

Deixamos o caso da Laje dos Sinais para o próximo apartado, porque cremos importante definir aquí outro paralelo que atopamos en Portugal. Trátase dunha rocha atopada nun muro dunha casa castrexa no Castro de Guifões (Figura 11). A peculiaridade desta rocha, é que ten gravada unha “rosa camuna” semellante á da Laje dos Sinais, e á da figura 7 de Valcamónica. Unha vez máis, preséntase unha relación deste motivo con elementos pertencentes á Idade do Ferro. O paralelo, neste caso, non deixa lugar a dúbida.



Figura 11: “Rosa camuna” gravada nunha pedra que formaba parte do muro dunha estrutura doméstica (Castro de Guifões, Portugal).

4.3. Galiza

O último paralelo, atopámolo no petroglifo de As Chans de Tebra, no concello de Tomiño (figura 12). Neste petroglifo o paralelismo é bastante claro. Temos a “rosa camuna” novamente e, xunto a ela, unha escena de equitación, igual que en O Monte das Ferraduras; unha agrupación de coviñas, que recordan bastante ás de Valcamonica (Figura 6); e motivos xeométricos, tamén semellantes aos atopados no petroglifo de O Monte das Ferraduras.

5. OBSERVACIÓNS.

Os paralelismos presentados no anterior apartado, axudarannos a presentar cales son as hipóteses que manexamos para o petroglifo de O Monte das Ferraduras. É importante que nun principio recoñezcamos os paralelismos presentados; de nada



Figura 12. Petróglifo de As Chans de Tebra no Concello de Tomiño (Santa María de Tebra).
Fonte: Laboratorio de Arqueoloxía da Paixaxe (LAr-IEGPS).

serve tentar elaborar unha hipótese, se pensamos que dita comparación é imposible. Por elo, dende o noso punto de vista, apoiámonos nos conceptos básicos da Arqueoloxía da Paisaxe, a cal, aplica métodos estruturais ao estudo da paisaxe arqueolóxica (Criado, 1993b; 2000), e tamén á paisaxe na que se representa o Estilo de Arte Rupestre Atlántica (Santos, 2004; 2008).

As figuras de Valcamonica presentadas no apartado anterior, non deberían ofrecer dúbidas ao lector. Eliximos as figuras desta rexión, pola súa clara asociación a deseños da Idade do Ferro. Neste senso, no caso italiano, está máis que aceptado por parte dos investigadores que se adican ao estudo da Arte Rupestre, que existen diversas cronoloxías para os petróglifos emprazados en Valcamónica. Esta diversidade cronolóxica é froito de rigurosos estudos que atenden ás diferentes superposicións entre os motivos dos paneis (Arcà y Fossati, 1995; Arcà, 2001), xa que, a comezos do século XX, se pensaba que a totalidade dos gravados era da Idade do Ferro; posteriormente, Annati presentaría unha primeira división cronolóxica para a Arte Rupestre de Valcamonica (Annati, 1975; 1976). Os petróglifos de Valcamo-

nica foron elixidos pola presenza da “rosa camuna”, tamén presente no petróglifo de O Monte das Ferraduras en Cotobade. Todos, e cada un dos petróglifos seleccionados pola presenza de “rosa camuna” en Valcamonica, teñen en común unha característica: está asociada a motivos da Idade do Ferro o que fai, que os especialistas italianos, encadren a “rosa camuna” en dita etapa da arte rupestre de Valcamonica.

É moi interesante o caso da figura 6, no cal a “rosa camuna” está asociada a unha representación xeométrica. Trátase, como xa explicamos anteriormente, dunha agrupación de coviñas inscritas nun cadrado que, no caso italiano, grazas aos estudos de superposicións entre figuras, chégase á conclusión, de que este petróglifo pertence á Idade do Ferro, trátase dunha composición idéntica á do “Mappa de Bedolina”, datado no mesmo período.

Se nos centramos nas figuras 5 e 7, o resultado é o mesmo: trátase de representacións, sobre todo no caso da figura 5, que se superpoñen a outros da Idade do Bronce e do Ferro, e que se relacionan directamente coa “rosa camuna”. Tense que ter moi presente, polo tanto, que as superposicións entre as diferentes figuras, constitúen o método máis usado para poder datar a arte rupestre hoxe en día. Así, os investigadores poderán chegar a un consenso máis ou menos unánime como ocorre actualmente entre os investigadores italianos que traballan na arte rupestre de Valcamonica.

Cambiando de territorio, e centrándonos agora no caso portugués, dicir que aparecen tres paralelismos que tamén son moi interesantes. Neste senso, cabe dicir que, existe unha diferenza sustancial con respecto a Valcamonica, e é que no noroeste peninsular, para a maioría dos investigadores, a cronoloxía é moito máis homoxénea que en Valcamonica. Isto quere dicir que, comparar o petróglifo do Monte das Ferraduras con elementos decorativos castrexos do Norte de Portugal, pode ser problemático, o que non quere dicir que non sexa válido nin riguroso.

O primeiro paralelismo que atopamos foi nunha pedra Formosa do Castro do Alto das Eiras en Pousada de Saramagos. Na figura 8, observamos como na parte inferior da pedra Formosa se representa un motivo que é moi parecido ao que temos no petróglifo de Fentáns e polo tanto, moi parecido tamén á “rosa camuna” italiana. No noroeste da Península Ibérica, as pedras formosas son propias da Idade do Ferro. Este caso, confírmase tamén nunha pedra Formosa atopada na Citanía de Briteiros (figura 9), dita figura, non é tan semellante como a anterior, pero, se nos fixamos, observamos como fai a alusión á mesma forma xenérica de “rosa camuna”, pero con formas de representación distintas.

Tamén en Portugal temos outro interesante paralelismo. Anteriormente, puídemos observar como a “rosa camuna”, presente en Valcamonica, podía ter algunha

pequena variante na súa forma (figura 7). No caso portugués, temos a mesma circunstancia: se nos fixamos na figura 11, observamos un motivo exactamente igual ao da figura 7, polo que concluímos que tamén é unha representación de “rosa camuna”. Neste caso, non é igual á atopada en O Monte das Ferraduras, pero aquí, o que nos interesa, a parte de que son semellantes ao igual que en Valcamonica, é o contexto no que aparece. Novamente o patrón repítese; trátase dunha figura documentada no Castro de Guifões, e que se atopou formando parte do muro dunha casa castrexa. Unha vez máis asóciase a contextos da Idade do Ferro da mesma forma que as pedras formosas de Alto das Eiras e da Citanía de Briteiros.

Para rematar co caso portugués, falaremos dos paralelismos atopados en a Laje das Sinais. Este petróglifo emprazado ao pé do Monte da Saia, presenta na parte S do panel unha esvástica moi similar á atopada no Castro de Guifões. Dita esvástica non é idéntica á de Guifões, xa que, neste caso, o motivo non posúe espazo entre os sucos, cousa que si ocorre no castro de Guifões e na figura 7 de Valcamonica. A pesar disto, non cremos que sexa argumento suficiente para rexeitar o paralelismo. Na Laje dos Sinais, cremos oportuno sinalar varios aspectos que relacionan ao petróglifo con contextos da Idade do Ferro (no panel non temos indicios que nos poidan orientar cronolóxicamente):

1. O emprazamento do petróglifo atópase ao pé do Castro do Monte da Saia.
2. A presenza documentada dun balneario castrexo nas inmediacións do petróglifo.
3. A relación da “rosa camuna” co que Augusto denomina “ganchos” e “crescentes” (Augusto, 2001).

Nembargantes, podemos considerar que os puntos 1 e 2 non supoñen probas sólidas para argumentar que Laje das Sinais, pretenza á Idade do Ferro. Non podemos afirmar que un petróglifo é da Idade do Ferro por atoparse ao pé dun castro xa que, se así fora, o petróglifo de O Monte das Ferraduras non podería selo xamáis, precisamente por atoparse emprazado lonxe de asentamentos desta etapa. En canto ao punto tres, cremos que as valoracións que fai Augusto son moi interesantes. O autor expresa o seguinte: “É interesante verificar que numa pedra com insculturas, proveniente do Castro de Guifões, Matosinhos, existem tamén algúns “ganchos” deste género (en alusión aos aparecidos en Laje dos Sinais), asociados a uma suástica e a covañas, (...). Nesta pedra de Guifões, também há, associados aos “ganchos”, algúns “crescentes” e “ss”, **acontecendo o mesmo na Laje dos Sinais** (o subrayado é noso) (...). (Augusto, 2001: 186). O que Augusto nos está a decir é que existe un paralelismo clarísimo na asociación da “suástica” con certos motivos; asociación que se repite nunha pedra atopada nun castro, un petroglifo con motivos semellantes aos de dita pedra.

Por outra banda, a pesar deste feito o autor expresa cal debe ser o método para atopar máis evidencias dos executantes dos gravados, e así poder encadralo cronolóxicamente: “Sería do máximo interese, efectuar excavacións no local (facendo referencia ao Monte da Saia), **pois a súa cronoloxía pode remontar á Idade do Bronce e assim fornecer algunhas indicacións sobre os ejecutantes das gravuras** (o subrayado é noso), que certamente non deberían vivir muito longe delas” (Augusto, 2001: 185). Aquí, o autor acepta a priori a cronoloxía da Idade do Bronce e, amárrase a dita teoría obviando os datos tan evidentes que expón no seu artigo (e que citamos anteriormente) ata o punto de propor escavacións no contorno do Monte da Saia para atopar asentamentos da Idade do Bronce⁹.

Polo tanto, se expoñemos todos e cada un dos datos que temos documentados en referencia a este motivo no territorio portugués, todo apunta a que se trata dunha figura propia e representativa da Idade do Ferro e, polo tanto, da Idade do Ferro do Noroeste da Península Ibérica. Sóamente no caso do petróglifo de Laje dos Sináis poderíamos dicir que os datos non son os suficientes para contextualizar a rocha na Idade do Ferro.

Para rematar, examinaremos o petróglifo de As Chans de Tebra, no concello de Tomiño (Figura 12). Se prestamos atención á figura, observamos novamente a “rosa camuna”, neste caso, non moi parecida á de O monte das Ferraduras, pero que, pensamos que é perfectamente identificable co resto dos motivos presentados neste texto. No petróglifo de Tomiño, destacaremos as seguintes características:

1. Presenza de “rosa camuna”.
2. Agrupación estruturada de coviñas.
3. Combinacións circulares de menos de tres círculos concéntricos.
4. Escena de equitación.

Agora ben, se comparamos estas características coas do petróglifo de O Monte das Ferraduras, decatámonos de que se cumpren todas, excepto a agrupación estruturada de coviñas. Recordemos que en Fentáns só se atopan coviñas exentas. Estes petróglifos, son datados por algúns autores na transición entre o III e o II milenio a.

⁹ É importante decatarse da actitude tomada pola maioría dos investigadores galegos dos últimos anos. A hipótese da cronoloxía curta da Idade do Bronce Inicial de Peña Santos e Rey García volveuse dogmática na investigación galega, xa que, a maioría dos investigadores aceptan dita hipótese como un a priori, o cal provoca evidentes confusións no rexistro rupestre. Neste caso que acabamos de amosar, ocorre algo semellante, a pesar de que o autor presenta todos e cada un dos paralelismos con contextos recorrentes da Idade do Ferro, expresa a necesidade de buscar contextos do Bronce que vinculen a rocha a dito momento da Prehistoria do noroeste da Península Ibérica. Isto non quere dicir que non poida haber no panel algúns motivos do Bronce, descoñecemos este aspecto; o importante é que, o único motivo a partir do cal se pode establecer unha aproximación cronolóxica, parece que ten máis relación co Ferro que co Bronce, aspecto que ignora por completo o autor.

C. (Peña y Rey; 1993, 2001), cronoloxía que nós non compartimos, polo menos para estes casos, xa que, tras aportar os datos pertinentes, cremos que a “rosa camuna”, neste caso galega, é claramente da Idade do Ferro, e deberíamos comezar a preguntarnos se os motivos aos que se asocia, poden ter algunha relación con este período.

Desta maneira, observando o contexto no que atopamos os petróglifos de As Chans de Tebra e, de O Monte das Ferraduras, detéctase a presenza de elementos decorativos da Idade do Ferro, os cales amosamos a continuación:

1. En ambos petróglifos temos a presenza de combinacións circulares, as cales non teremos en conta, xa que, ao igual que as coviñas, poderían utilizarse nun espazo de tempo prolongado; cremos que é importante o feito de que non existan superposicións de círculos concéntricos e “rosa camuna” a día de hoxe, o que indica que non é un exemplo válido para aportar datos fiables.
2. En As Chans de Tebra existe unha agrupación de coviñas moi semellante á que se dá en Valcamonica (figura 6), a cal está datada na Idade do Ferro. Aínda que o paralelismo é claro, aplicaremos o mesmo razoamento que no punto 1.
3. Novamente en ambos petróglifos temos unha escena de equitación. Neste caso sí que podemos dicir que existe unha relación cun elemento da Idade do Ferro xa que, en Europa, non se ten documentada a práctica da equitación ata a primeira metade do I Milenio a. C. (Santos, 2005 e 2006).

Polo tanto, neste caso, o que formulamos é que exista a posibilidade de que os elementos que se relacionan coa “rosa camuna” nos petróglifos de O Monte das Ferraduras e As Chans de Tebra, poidan pertencer a un horizonte máis cercano á Idade do Ferro, que á primeira Idade do Bronce. Ademais, isto apoiámolo no rexistro de Valcamonica, no que os cuadrúpedes, as escenas de equitación, moitos antropomorfos e os motivos xeométricos tipo “Mappa Bedolina” son considerados da Idade do Ferro. Neste senso, cremos que a hipótese cronolóxica plantexada por Santos Estévez (Santos, 2005; 2006; 2008) é perfectamente válida xa que os datos presentados concordan coas hipóteses expostas. Nesta liña, pensamos que o petróglifo atopado en Fentáns, e tamén o petróglifo de As Chans de Tebra, veñen a confirmar que a comparación e a analogía son métodos eficaces de estudo, que poden aportar novas perspectivas á interpretación da Arte Rupestre de Estilo Atlántico en Galiza. Este aspecto, non é algo novedoso, xa que, xa no s. XX, moitos investigadores se decataron das evidentes semellanzas que existían entre os petróglifos galegos e os atopados por toda Europa (Alonso, 1974: 32).

Ademais debemos considerar que “la mejor comprensión de la distribución de las comunidades humanas en el pasado y la utilización que éstas hacen del territorio, es más contrastable cuando la escala de análisis la constituye una región con una personalidad geográfica muy definida” (Peña y Rey, 1993: 17; citado en

Augusto, 2001: 185), polo que non tería sentido, separar en dúas cronoloxías un motivo que se presenta, en dous lugares dunha rexión cunha personalidade tan ben definida, como é o Noroeste Peninsular.

CONCLUSIÓNS

Para rematar, cremos que o realmente importante deste traballo, ou polo menos unha das ideas fundamentais coas que nos podemos quedar, é que, a día de hoxe, todavía queda moito camiño por percorrer na investigación en Arte Rupestre. Este artigo amosa como todavía se poden propoñer novas estratexias no estudo da cronoloxía. Creemos que este achádego de O Monte das Ferraduras, un máis entre os que se producen cada ano, pon de novo sobre a mesa o áspero debate que en Galicia existe en torno á cronoloxía da Arte Rupestre galega. Estamos convencidos de que é completamente necesario revisar seriamente cales son as bases sobre as que se apoia a hipótese de Peña Santos e Rey García, que sitúa a todo o arte rupestre na transición do III e o II milenio a. C. (Peña y Rey; 1993, 2001).

Agradecementos: A Joana Valdez (pola elaboración da ficha de localización do petróglifo), a Cristina Mato (pola elaboración do calco na súa fase de gabinete), a Joao Fonte (polas recomendacións bibliográficas), a Manuel Santos (por todo o que fixo por min ata o día de hoxe, e pola súa paciencia).

BIBLIOGRAFÍA

- A.A.V.V. (1994): *Capo di Ponte e le incisioni rupestre camune. Guide Grafo/11 collana diretta da Gabriella Motta*. Brescia.
- ALONSO ROMERO, F. (1976): *Relaciones atlánticas prehistóricas entre Galicia y las Islas Británicas, y medios de investigación*. Castrelos. Vigo.
- ÁLVAREZ NUÑEZ, A. (1987): “Los petroglifos de Fentáns (Cotobade, Pontevedra)”. *Pontevedra arqueológica II*. Publicación del grupo de arqueología “Alfredo García Alén”. 1985-1986.
- ANNATI, E. (1975): *Evoluzione e stile nell'arte rupestre camuna. Capo di Ponte. Associazione Internazionale per lo Studio del Quaternario*. Ed. Del Centro.
- (1976): *Metodi di rilevamento e di analisi dell'arte rupestre. Capo di Ponte*. Ed. Del Centro.
- ARCÁ, A. (2001): “Dating and (up)dating Valcamonica Rock Art”. *Tracce Online Rock Art Bulletin*. En:http://www.rupestre.net/tracce_php?name=Selections&op=viewwarticle&artid=9&page=2.
- ARCÀ, A. y FOSSATI, A. (1995): *Sui sentieri dell'arte rupestre. Le rocce incise delle Alpi. Storia, ricerche, escursioni*. Edizioni CDA-Torino.

- AUGUSTO COIMBRA, F. (2001): “As gravuras rupestres da Laje dos Sinas (Barcelos, Portugal)”. *Revista de Guimaraes*, Volume 111: 183-98.
- BRUNOD, G., FERRERI, W. e RAGAZZI, G. (1983): *La rosa di sellero e la svástica. Cosmología, Astronomía, danze prehistoriche 11*. I quaderni di “Natura Nostra”.
- CRIADO BOADO, F. (1993a): “Límites y posibilidades de la Arqueología del Paisaje”, *Spal*, 2; 9-55.
 - (2000): *Del terreno al Espacio: Planteamientos y Perspectivas para la Arqueología del Paisaje*. CAPA 6 (Criterios y Convenciones en Arqueología del Paisaje). Grupo de Investigación en Arqueología del Paisaje. Universidad de Santiago de Compostela.
- DREWS, R. (2004): *Early Riders. The beginning of mounted warfare in Asia and Europa*. Routledge. London/New York.
- FOSSATI, A. (1994a): “La rappresentazioni topografiche”. In AA.VV, *Le Pietre degli Dei. Menhir e statue stele dell'eta del Rame in Valcamonica e Valtellina*, Bérgamo, pp. 131-33.
- GARCÍA ALÉN, A. y PEÑA SANTOS, A de la. (1979): *Grabados Rupestres de la provincia de Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde Fenosa. Catalogación Arqueológica y Artística de Galicia del Museo de Pontevedra.
- PEÑA SANTOS, A de la y REY GARCÍA, J.M. (1980a): “Nuevos puntos de vista para la cronología de los grabados rupestres al aire libre del Noroeste de la Península Ibérica”. *Guimaraes II*, 1979, Sociedade Martin Sarmento, 1980, pp: 133-54.
 - (1993): “El espacio de la representación. El arte rupestre galaico desde una perspectiva territorial”. *Revista de Estudios Provinciales*, 10; 11-50.
 - (2001): *Petroglifos de Galicia*. Via Láctea Editorial.
- QUINTAS GONZÁLEZ, F. (2007): “Microtoponimia e folklore no Concello de Campo Lameiro: bases metodolóxicas, analíticas, e obxectivos principios da investigación”. *Actas do I Congreso Galego da Mocidade Investigadora*. Universidade de Santiago de Compostela. Xunta de Galicia, pp. 184-90
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (1999): “A Arte Rupestre e a construción dos territorios na Idade do Bronce en Galicia”, *Gallaecia*, 18; 103-18.
 - (2004): *Arte Rupestre: Estilo y Construcción Social del Espacio en el Noroeste de la Península Ibérica*. Tesis Doctoral. Universidade de Santiago de Compostela.
 - (2005): “Sobre la cronología del arte rupestre atlántico en Galicia”, *Arqueoweb*, 7 (2). http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero7_2/articulo7_2_santos.html.
 - (2006): Respuesta a la réplica firmada por F.J. Costas Goberna, R. Fábregas Valcarce, J. Guitián Castromil, X. Guitián Rivera y A. de la Peña Santos aparecida en el foro con fecha 23/01/2006. Revista digital de Internet. Universidad Complutense de Madrid. http://www.ucm.es/info/arqueoweb/numero8_1/conjunto8_1.htm.
 - (2008): *Arte Rupestre: Estilo y Construcción Social del Espacio en el Noroeste de la Península Ibérica*. TAPA 38 (Trabajos de Arqueología e Patrimonio). Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, Laboratorio de Arqueología da Paisaxe. Consejo Superior de Investigaciones Científicas-Xunta de Galicia.
- SOBRINO BUHIGAS, R. (2001): *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae*. 1ª Edición de 1935. Edición do Castro.
- WORLEY, L.J. (1994): *The Cavalry of Ancient Greece*. Boulder, CO.